

Att. Secretaría Xeral de Industria;

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

Asunto: ALEGACIÓNS ao ANUNCIO do 20 de febreiro de 2024, da Secretaría Xeral de Industria, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada (AAI), o estudo de impacto ambiental (EIA), a declaración de utilidade pública e o proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas, promovido por Greenfiber, S.L. e declarado proxecto industrial estratéxico (PIE) polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 29 de decembro de 2022, que se vai implantar no concello de Palas de Rei.

D/Dña _____, con DNI _____, e domicilio a efectos de notificacións en _____

Que en tempo e forma, pola presente e en relación co aludido anuncio, procédense a expoñer as seguintes **ALEGACIÓNS:**

Considero que con este proxecto resultarán gravemente afectados o patrimonio cultural e natural da comarca da Ulloa e limítrofes. Así mesmo afectará ás augas e á atmosfera, ó envenenar con elevadas cantidade de compostos químicos o río Ulla e emitir gases contaminantes que por acumulación estragarian cultivos e afectarían directamente a saúde das persoas e da terra. A implantación desta fábrica repercutirá dun xeito negativo sobre o tecido socioeconómico da zona, sumando desvalorización das terras e consolidando o despoboamento.

Preténdese instalar dúas factorías: unha para elaborar 400.000 T/ano de CELULOSA solúbel, e outra que transformaría a celulosa solúbel en fibra téxtil LYOCCELL, unhas 200.000 T/ano, a so 2 km do Camiño de Santiago. Polas verteduras que se estiman no proxecto, e debido ó estado do encoro de Portodemouros (a 1,5 km do punto de verquido), será unha industria contaminante de augas, e a súa fabricación requerirá grandes cantidades de auga, enerxía e eucaliptos, ademais da cantidade de tráfico rodado que virá asociado có transporte da madeira e do produto.

O proxecto ocupará 360 ha, destruindo hábitats de altísimo valor ecolóxico, incluídos na proposta de ampliación da Rede Natura, con poboacións de especies protexidas, destacando tres delas, catalogadas en perigo de extinción en Galicia: *Armeria merinoi*, *Santolina melidensis* e *Leucanthemum gallaecicum*, endemismos estritos das serpentinas do centro de Galicia.

A eucaliptización será a nova paisaxe da zona centro de Galicia, xa que se precisa dunhas 60.000 ha de eucalipto (4000 ha/ano x 15 anos que tardar de promedio en medrar). Estas árbores consumen unha elevada cantidade de auga (20 veces máis que carballos ou castiñeiros) e son especies pirófitas, razón suficiente para a prohibición das novas plantacións en Portugal, despois dos gravísimos incendios forestais do 2017 onde perderon a vida decenas de persoas.

A solicitude de concesión de augas (75 anos) para a captación de auga é de 640 l/seg (máis de 46 millóns de litros diarios). Sendo o consumo promedio de auga en Galicia de 130l/habitante/día, Greenfiber empregará a mesma cantidade que 353.850 habitantes/día, cantidade superior á que consumen os habitantes da provincia de Lugo nun día. Hai que salientar que máis do 65% da auga volverá ao río tratada, con químicos, pero contaminada, deteriorando aínda mais a calidade da auga ao longo do río Ulla e que esta contaminación chegaría á ría de Arousa, que xa de por si ten problemas de contaminación.

Polo tanto, esta fábrica será unha macrocelulosa de produción non sostible depredadora dos nosos recursos, que consumirá e degradará un ben esencial para a nosa vida: a auga, e que destruirá áreas de excepcional valor ecolóxico producindo un gran impacto na zona onde se pretende implantar.

SOLICITA: Unha declaración negativa, A NON autorización ambiental integrada (AAI), **REXEITAR** o estudo de impacto ambiental (EIA), a **NON** declaración de utilidade pública e **REXEITAR** o proxecto para a implemmentación dunha industria de fibra textil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas, promovido por Greenfiber, S.L.

Asinado: _____ **en** _____ **a** _____ **de** _____ **de**
2024